

REPASO HISTOLOXÍA - BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1- Completa o seguinte cadro, no que se relaciona cada tecido coa súa célula ou células características:

Tecido	Célula característica	Outras células
Tecido epitelial		
Tecido conxuntivo		
Tecido adiposo		
Tecido cartilaxinoso		
Tecido óseo		
Tecido muscular		
Tecido nervioso		
Sangue		
Linfa		

2- Elabora un cadro semellante cos tecidos vexetais.

3- Completa o seguinte cadro:

Tecido	Función
Tecido suberoso	
	Crecedemento e desenvolvemento dos vexetais.
Epidérmico	
	Transporte do zume elaborado.
Parenquimático	
Xilema	
	Manter a planta erguida.

4- Elabora un cadro semellante cos tecidos animais.

5- Define: tecido, órgano, aparello e sistema. Pon un exemplo de cada un.

6- Descríbe e compara os tres tipos de tecido muscular. A comparación debe incluír: estriación, número de núcleos e tipo de contracción.

7- Que son os meristemas primarios e os meristemas secundarios? En que partes da planta se atopan?

8- Define os seguintes conceptos relacionados coa histoloxía vexetal: estoma, ostiolo, cutícula, lenticela, plasmodesmo, tricoma e suberina.

9- Que é a organización talofítica e a cormofítica? Existe algún animal con este tipo de organización?

10- Completa a seguinte táboa, relativa aos tecidos condutores vexetais:

Tecido	Células características	Que transporta	Dirección de transporte
Xilema			
Floema			

AUTOAVALIACIÓN

Escolle a resposta verdadeira en cada caso:

1) Os animais pluricelulares:

- A. Presentan todos tecidos formados por células especializadas en algunha función.
- B. Presentan todos órganos formados por numerosos tecidos especializados en algunha función.
- C. Presentan todos sistemas formados por numerosos tecidos especializados en algunha función.
- D. Presentan todos aparellos formados por un ou dous tecidos especializados en algunha función.

2) A organización talofítica:

- A. Dase soamente en plantas, nunca en animais.
- B. Dase en algas e fungos pluricelulares e nos líques.
- C. É propia dos organismos coloniais.
- D. É propia das plantas briofitas.

3) O tecido epitelial de revestimento dos animais:

- A. Divídese en epiteliolos de células vivas e en epiteliolos de células mortas.
- B. Divídese en epiteliolos con substancia intercelular e en epiteliolos sen substancia intercelular.
- C. Divídese en epiteliolos de células esféricas e en epiteliolos de células pavimentosas.
- D. Divídese en epiteliolos simples e en epiteliolos estratificados.

4) As células dos tecidos conectivos clasifícanse en dous tipos:

- A. Células de tecido laxo e células de tecido denso.
- B. Células fixas e células migrantes.

C. Células proteicas e células fundamentais.

D. Fibrocitos e adipocitos.

5) O músculo cardíaco:

A. Está formado por fibras de tecido muscular estriado con moitos núcleos.

C. Está formado por fibras de tecido muscular liso de contracción involuntaria.

B. Está formado por fibras de tecido muscular estriado con un só núcleo.

D. Está formado por fibras de tecido muscular esquelético perfectamente coordinadas.

6) As neuronas caracterízanse por:

A. Servir de alimento ás células da glía.

C. Presentar numerosas dendritas e axóns.

B. Presentar numerosas prolongacións chamadas axóns.

D. Producir e transmitir impulsos nerviosos.

7) Os tecidos meristemáticos:

A. Son os encargados de protexer ás plantas contra a desecación e os cambios de temperatura.

C. Son os encargados do crecemento e desenvolvemento das plantas.

B. Son os encargados de manter as plantas erguidas.

D. Son os encargados de transportar o zume bruto e o zume elaborado.

8) Os tecidos parenquimáticos:

A. Son tamén chamados tecidos de recheo.

C. Son todos de cor verde pola súa riqueza en cloroplastos.

B. Están formados por células de paredes moi grosas e endurecidas.

D. Están formados por células mortas.

Solucións: 1-A/ 2-B/ 3-D/ 4-B/ 5-B/ 6-D/ 7-C/ 8-A/

